



ASOCIACIÓN VIEIRO

ODISEA

Curso de prevención para alumnado de FP Básica

1.- Presentación e xustificación.

2.- Obxectivos.

3.- Poboación destinataria.

4.- Metodoloxía

5.- Contidos

6.- Lugar de celebración

7.- Duración



ASOCIACIÓN VIEIRO

1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

Este curso de prevención está pensado para grupos de escolares en situación de vulnerabilidade xa que na adolescencia se produce importantes cambios físicos, psicolóxicos, cognitivos, actitudinais e de personalidade que xunto á influencia que nesta etapa exerce o grupo de iguais, incrementan o risco de ceder ante as presións directas ou indirectas do mesmo para consumir sustancias aditivas, tanto legais como ilegais.

A mellora da competencia persoal e social dos mozos/as reduce o risco de consumo de sustancias aditivas e condutas desviadas. De aí a necesidade de proporcionarlle aos mozos e mozas as habilidades necesarias para unha toma de decisións axeitada ante posibles situacións de risco, estimulando dun xeito práctico a reflexión e a análise ante posibles condutas de risco, xa que somos conscientes que as sustancias aditivas interfieren no proceso de maduración e aprendizaxe, tendo consecuencias especialmente negativas na evolución académica, ademais doutras como a desestructuración familiar, problemas persoais, de saúde ou sociais.

Estes motivos fan prioritario intervir dende o ámbito educativo dado que a escola é, xunto coa familia, a principal instancia socializadora, ademais de ser unha área fundamental de intervención debido á posibilidade de continuidade e integración dos contidos da educación para a saúde de forma transversal para o currículo.

2.- OBXECTIVO

O obxectivo xeral do curso é impedir ou retrasar o inicio do contacto coas con sustancias aditivas legais e ilegais nos mozos/as que cursan Formación Profesional Básica proporcionándolles habilidades para o afrontamento ante situación de risco, unha toma adecuada de decisións, a anticipación das consecuencias dos propios actos e a asunción de responsabilidades a nivel persoal, influíndo sobre as súas crenzas e actitudes sobre as drogas, sobre as intencións de consumo futuras e nos hábitos de consumo (prevalencia, frecuencia e cantidade).



ASOCIACIÓN VIEIRO

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA

A poboación destinataria do curso é o alumnado de FP Básica

4.- METODOLOXÍA

Para levar a cabo este curso propoñemos unha metodoloxía cun modelo de intervención baseado na utilización de técnicas de grupo que resulten atractivas para os mozos/as e que ademais potencien a integración emocional e racional dos contidos que se tratan ao longo do programa a través de métodos participativos que potencien a implicación e colaboración dos alumnos/as (discusión dirixida, debate, roleplaying), pedagóxica e activa tratando de aunar os sistemas clásicos de comunicación baseada na dinámica de grupos o no fomento de participación dos asistentes co fin de axudar aos escolares a desenvolver actitudes e habilidades que lles permitan actuar en función dos coñecementos adquiridos.

Empregarase frecuentemente o reforzo social mediante eloxios verbais, xestuais e de aprobación ás respostas que poñan de manifesto o uso das habilidades e recursos sociais.

5.- CONTIDOS

A través deste curso traballaranse, entre outros, os seguintes contidos:

- Información sobre efectos, riscos e consecuencias derivadas do consumo de sustancias a nivel persoal, familiar e social.
- Identificar e analizar as variables que inflúen na toma de decisións.
- Practicar habilidades para relacionarse cos iguais.
- Coñecer e practicar a relaxación baseada na atención plena.
- Practicar distintas formas de comunicación: pasiva, agresiva e asertiva



ASOCIACIÓN VIEIRO

- Analizar a presión grupal como factor favorecedor do inicio no consumo de drogas, promovendo unha actitude crítica respecto á mesma
- Coñecer como rexeitar a presión de grupo dun xeito asertivo e eficaz
- Analizar tópicos e mitos existentes sobre sustancias aditivas.

6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

Centros de Educación Secundaria

7.- DURACIÓN

2 sesións semanais de 50 minutos de duración.